

Ignacio Escolar, director do diario dixital [www.eldiario.es](http://www.eldiario.es)

“Un dos obxectivos do noso diario é que os xornalistas non sexan superheroes nin superheroínas”

O coñecido xornalista valora moi positivamente o proxecto **Xornalismo na Escola** do **Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia** e a **Obra Social “la Caixa”**

*Víctor Sariego.* Escolar foi seleccionado en varias ocasións como unha das 500 persoas españolas máis influentes do ano. Un feito case histórico nunha sociedade, a actual –e máxime a española–, cuxas listas deste tipo adoitan estar encabezadas por ídolos mediáticos de pes de barro, cabeza valeira, moita aparencia e pouco contido. Algo debe estar facendo ben no xornalismo que promulga, enraizado coas orixes do que debe ser a información e no formato do século XXI. Unha mestura que lle está a dar multitude de premios e recoñecementos. Entre eles o Premio de Xornalismo Dixital José Manuel Porquet da Asociación de Prensa de Aragón, o Ischia de Italia como xornalista internacional do ano, o Premio de Internet á Traxectoria Persoal ou diversas edicións dos galardóns Bitacorras.com ao mellor blog de política e xornalismo polo seu Escolar.net.

É colaborador de diversos medios nos que achega a súa análise política e de actualidade, e autor de diversos ensaios como *El justiciero cruel* e *La crisis en 100 apuntes*.

O pasado xaneiro estivo en Santiago de Compostela convidado pola Fundación Araganey-Puente de Culturas como relator do V Foro Revbela que celebra esta entidade cada ano para debater, nesta ocasión sobre “Os conflitos internacionais nos medios dixitais: cobertura e tratamento”. Na mesa de debate fixo fincapé en que o medio que dirixe centra o seu foco na política e na economía “no sentido máis amplo do concepto, no que afecta ás persoas máis do que aos partidos ou aos mercados”, e insistiu en que eldiario.es persegue un xornalismo “rigoroso, independente e, á vez, honesto”, onde primen “a defensa dos dereitos humanos, a igualdade e unha democracia mellor, máis transparente e máis aberta”. Alí Xornalismo na Escola aproveitou para lle mostrar este proxecto de levar o xornalismo ás aulas, o que valorou moi positivamente, achegando ademais algúns consellos para a mocidade á que se destinan estes obradoiros en Galicia.

**Unha cuestión moi repetida entre os alumnos e alumnas destes obradoiros de Xornalismo na Escola é como saber, tanto nun ámbito *online* como *offline*, se están ante un medio de comunicación e, en principio, un medio de comunicación rigoroso, que non falsee noticias. De quen fiarnos?**

Unha pregunta interesante, porque antes había un recoñecemento de formato, no sentido de que ti recoñecías un xornal como un obxecto físico, por exemplo. Agora, en cambio, ante unha páxina web, a maneira de diferenciar un xornal do que non o é é algo máis complexa, pois o formato moitas veces é o mesmo nun caso que noutro. Teñen a aparencia do mesmo aínda que non o sexan. Un xeito pode ser

fiarte e fixarte en cabeceiras, en medios recoñecíbeis, que os hai, non só nas eternas de papel, senón tamén nas novas dixitais. A maneira de definir on que é un xornal para alguén que non sabe nada de xornais nin de xornalismo é difícil. Eu coido que a mellor definición sería dicir que é un obxecto ou sitio web que che conta as novas. Novas reais, contrastadas e con criterios obxectivos. Isto non significa que cho estean contando como a verdade absoluta, pero si que existe un grande esforzo por chegar a esa verdade.

**E neste caso, para que serve o xornalismo e, sobre todo, os e as xornalistas?**

Pois, do mesmo xeito, para lle contar á sociedade o que acontece.

**E neste contar á sociedade o que acontece, vale todo? Como cidadán, gravar, por exemplo, un suceso cun móbil e subilo a Internet convérteme en xornalista? Iso é xornalismo?**

Cómpre diferenciar entre comunicación e xornalismo. Antes estaba unido porque só os xornalistas comunicaban, ou só os xornalistas e outras profesións relacionadas, como os cineastas, reporteiros, etc. Había un pequeno grupo de persoas na sociedade que eran as únicas que podían comunicar. Agora xa non. Pero, claro, a diferenza é o xeito do que o fas e as regras que asumes á hora de contrastar información, separar información de entretemento, á hora de lle dar voz á outra parte, á hora de explicar as cousas... É unha técnica que, se os xornalistas o facemos ben, deba ser recoñecíbel e distinguíbel da comunicación.

**Neste novo escenario actual de comunicación e xornalismo, que futuro auguras para a profesión xornalística, sobre todo para o novo xornalismo dixital ou ciberxornalismo?**

Eu son moi optimista porque a nosa experiencia no eldiario.es nolo di. Pasamos, en menos de cinco anos, de ser unha redacción de 12 a 70 persoas, rendíbel, que crecemos, que melloramos os soldos, que pagamos máis á xente, que facemos as nosas coberturas, que podemos facer un mellor xornal e un mellor xornalismo. E fixémoslo porque atopamos un modelo no que a xente nos apoiaba. Temos 20.000 lectores que pagan todos os meses por ler o diario aínda que sexa gratis. Hai que estar moi tolo para pagar por un xornal que é gratis e conseguímoslo. Por iso son moi optimista e creo que, aínda que non volvamos, polo menos a curto prazo, aos niveis de emprego, seguridade laboral e condicións laborais que tiñamos hai dez anos, desde logo que o peor xa pasou.

**O xornalismo segue a ser unha profesión case de superheroes ou superheroínas que deben escoller entre calidade, rigor e vocación ou cobrar un soldo digno traballando “ao ditado” de entidades, organizacións ou grupos que sei que poden pagar en detrimento da devandita calidade profesional?**

Precisamente un dos obxectivos do noso diario dixital é que non o sexan. Nin superheroes ni superheroínas. Eu creo no xornalismo profesional, non no xornalismo amator. Non creo que o xornalismo deba ser unha heroicidade ou unha excentricidade que se faga en tempos perdidos porque o resto do tempo traballas noutra cosa para ganar diñeiro co que poder traballar de xornalista. Debe ser un oficio que che dea, polo menos, para comer e vivir dignamente. Non ten por que ser una profesión para que todos nos fagamos ricos, pero si para termos un oficio

digno, unha vida digna, e xubilármonos con dignidade e darlle educación aos nosos fillos. E unha vivenda. Iso pode conseguirse. E nós estamos a conseguilo. Non temos uns soldos (eu o primeiro) como os de outrora, pero ao mesmo tempo temos outras condicións que son mellores. E hai varios tipos de redactores con soldos que van desde os 1.000 euros no caso de empregados en formación aos 1.700 no caso dos redactores de base, e o resto por riba segundo as circunstancias: de 2.000, 3.000... Son xa uns bos soldos, non son os mellores en relación a outros traballos e outros tempos, mais son dignos, sobre todo para a xente que comeza. Así que estamos a conseguilo.